

AS GAÑAS DE ABRIR MÁIS DUN ADXECTIVO A NAVALLA

Confésovos: comecei a ler este libro de Dores Tembrás na mesa da cociña un luns á noite despois de cear vendo Callejeros viajeros e finaliceino cun monólogo de Buenafuente. É como unha proba de fogo, de resistencia, e puido máis este primeiro libro de poemas; quero dicir que a pesar da televisión os versos de Dores Tembrás cambiáronme o corpo, chamaron pola miña atención. Era a poesía fronte ao poder e o atractivo e a comodidade da televisión. Este libro ha marcarme.

É medianoite, orballa, a praza do Concello está baleira; vén un vento fresco e ao lonxe estalan na néboa fogos da festa do pobo veciño: sempre lles chove. No fondo, aledámonos. Nisto das festas, xa se sabe, ao inimigo auga.

Eu... paro aquí a propósito só por levarlle a contraria a Walter Benjamin, que xa tiña gañas. A culpa é do teu libro, Dores Tembrás. Xa sabes, xa sabedes, dicía que nunca se debe comezar a escribir cun «eu». Walter Benjamin. Gústame escribir dando a cara; para que ma partan, vale, por que non. Por que non. ¿Por que hai que atender durante anos e anos o que deixou escrito o tradutor de W. Benjamin? Como se o dixerá el, directamente, tanto ten. Somos egoístas; somos puro egoísmo; a vaidade deslómbanos, pero ¿que pasa, que ao escribir hai que disimulalo? Comezar cun «eu» é arriscado; acaso sexa do máis arriscado, pero ao que imos, que me quedo sen espazo.

A primeira vez que vin este poemario na librería, deixeiño;

Hai algo que non che perdoo, Dores Tembrás, que este libro poida marcarme, deixe pouso, e iso que a primeira vez na librería deixeiño sen mercar

non souben apreciálo. O *pouso do fume*. O tacto das cousas pequenas. Volvín a el, no estante dos libros de poesía editados van xa uns meses. Non teño perdón. Que mal corpo debín de ter todo este tempo.

Lendo o teu libro, Dores Tembrás, entráronme gañas de destripar máis dun adxectivo, algún dos máis delicados; a navalla, abrílo a navalla, que o saibas, por saber se tiña sangue. Porque para min que si. E por iso. Hai algo que non che perdoo, D. Tembrás: que este libro me poida marcar. *O pouso do fume*. A alma ausente da Pizarnik. Alejandra. Que sei. Mesmo o humor de Buenafuente. Agora sei que abrir este libro é como deixarse espir e iso comprace.

Miguel Sande



POESÍA

«O pouso do fume»

Dores Tembrás. Edicións Espiral Maior.

73 páxinas. ***